

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 10 de marzo de 2011 pola que se convocan para o exercicio 2011, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas do Instituto Galego de Promoción Económica ao programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia (Programa Innoempresa), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do día 20 de abril de 2010, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas do Igape ao programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia (Programa Innoempresa), facultando o director xeral para a súa convocatoria, aprobación dos créditos e publicación no *Diario Oficial de Galicia*. As ditas bases publicáronse no *Diario Oficial de Galicia* nº 100, do 28 de maio de 2010.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Convocar para 2011, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas do Igape ao programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia (Programa Innoempresa), segundo as bases reguladoras aprobadas polo Consello de Dirección do Igape o 20 de abril de 2010 e publicadas no *Diario Oficial de Galicia* nº 100, do 28 de maio.

Este programa está cofinanciado nun 70% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no tramo da Administración xeral do Estado do Programa operativo Galicia 2007/2013, que corresponde ao eixe E2, tema prioritario 2.09, actuación Programa Innoempresa.

Para os efectos da nova convocatoria, substitúese o anexo II, formulario de presentación da solicitude, segundo o modelo anexo.

Segundo.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* (no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte), e rematará o 6 de maio de 2011.

Terceiro.-Créditos.

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polos seguintes importes:

Partida orzamentaria	Anualidade 2011 (€)	Anualidade 2012 (€)
E4/10/02-656	2.500.000	1.000.000


O director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, logo de declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30º.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Cuarto.-O prazo de execución dos proxectos non poderá superar o 30 setembro de 2012.

Quinto.-Os requisitos das letras c), e), f), h), i), j), k), l), m) e n) do artigo 20º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia indícanse nas bases reguladoras destas axudas aprobadas polo Consello de Dirección do Igape o 20 de abril de 2010 e publicadas no *Diario Oficial de Galicia* nº 100, do 28 de maio.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2011.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



ANEXO

PROCEDIMENTO AXUDAS DO IGAPE AO PROGRAMA DE APOIO Á INNOVACIÓN DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS EN GALICIA (PROGRAMA INNOEMPRESA), COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IG406K	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF/NIF	
ACTIVIDADE		CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL			DNI
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE			PROVINCIA
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
			FAX

SOLICITUDE PARA

(Sinalar só un recadro)

- IG127: Adopción de novos modelos empresariais innovadores.
- IG128: Diagnósticos integrais de situación e elaboración e implantación de plans estratéxicos.
- IG129: Proxectos de deseño de novo produto.
- IG130: Diagnósticos tecnolóxicos e plans de mellora tecnolóxica.
- IG131: Desenvolvemento tecnolóxico aplicado.
- IG132: Implantación e certificación de proxectos de I+D+i e de sistemas de xestión.
- IG133: Implantación e certificación de sistemas de xestión ambiental, sistemas integrados de calidade e ambiente, excelencia empresarial e sistemas de xestión da seguridade da información.
- IG134: Proxectos integrados de xestión e loxística.
- IG135: Identificación de necesidades tecnolóxicas, desenvolvemento de solucións técnicas e organizativas comúns e utilización de servizos avanzados compartidos por grupos de pemes.

As axudas obxecto desta solicitude estarán cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Non debe entregar ningunha documentación á parte desta solicitude, e debe indicar a continuación, de xeito obrigatorio, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda para cubrir solicitudes, e o código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

O/A solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo Identificador de Documento Electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

- Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática

Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado.

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente ao Igape:

- Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas cales o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo administrativo de San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela.

- Para o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos puntos 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que establecen que o Igape publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluír igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos. De acordo cos artigos 6º e 7º.2 d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, se a súa solicitude de axuda resulta aprobada, o nome do beneficiario, a operación e o importe da axuda será obxecto de publicación.

- Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda, e da Seguridade Social, a información á que se refire o artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.

- Para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

- Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente (CIF, IAE, escritura de constitución e estatutos, poder do representante).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 10 de marzo de 2011 pola que se convocan para o exercicio 2011, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas do Igape ao programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia (Programa Innoempresa), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Resolución do 21 de maio de 2010 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape ao programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia (Programa Innoempresa), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

SINATURA E SELO DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Presidente do Igape

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA